

VOCABULARIO UNIDADE 1

Imperio romano de Occidente: parte occidental do Imperio romano trala división de Teodosio no ano 395; con capital en Roma. Foi invadido polos pobos xermanos e chegou ao seu fin no ano 476, tras a deposición de Rómulo Augústulo, último emperador.

Imperio romano de Oriente: parte oriental do Imperio romano trala división de Teodosio no ano 395; con capital en Constantinopla; durou dez séculos máis co de occidente co nome de Imperio bizantino

Basileus: título grego que adoptou o emperador romano de oriente. Concentraba todo o poder e axudábase de funcionarios; destacou Xustiniano I

Corpus Iuris Civilis: Lexislación baseada no dereito romano recompilada e actualizada por Xustiniano.

Planta de cruz grega: planta que ten forma de cruz con brazos iguais; empregada na arquitectura bizantina.

Reino visigodo de Toledo: reino que fundan os visigodos na Península Ibérica tras ser derrotados polos francos no ano 507, con capital en Toledo.

Tratado de Verdún (843):

Acordo polo cal os netos de Carlomagno dividiron o Imperio Carolinxio en tres partes, dando orixe aos futuros reinos de Francia, Alemaña e Italia. É considerado o inicio da fragmentación política de Europa occidental.

Reino Suevo:

Reino fundado polos suevos, un pobo xermánico, na Gallaecia (noroeste da Península Ibérica) no século V. Tivo a súa capital en Braga e foi o primeiro reino estable formado tras a caída do Imperio Romano de Occidente.

Imperio Bizantino:

Nome co que se coñece o Imperio Romano de Oriente, que tivo a súa capital en Constantinopla (actual Istambul). Durou desde o século IV ata 1453, cando foi conquistado polos turcos otomanos. Caracterizouse pola súa cultura grega, relixión cristiá ortodoxa e un poder imperial forte.

Feudalismo:

Sistema político, económico e social da Europa medieval baseado nas relacións de dependencia entre señores e vasalos. Os campesiños traballaban as terras dos señores a cambio de protección, e a sociedade estaba xerarquizada e sostida pola posesión da terra.

Islam: nova relixión predicada por Mahoma, que significa submisión á vontade dun Deus único, Alá.

Medina: é a parte da cidade islámica que se atopa no interior das murallas. Incluía unha fortaleza ou recinto fortificado, a mesquita maior, o zoco, os celeiros e os baños públicos ou hamman.

Aljama: é a mezquita maior, a principal, onde se realiza a oración colectiva do venres a mediodía.

Zoco: Era o mercado onde os artesáns vendían os seus produtos: vestidos, teas, perfumes, calzado, etc.

Arrabaldes: eran barrios situados fóra do recinto amurallado. Estaban habitados por persoas de baixos ingresos e, cando crecían moito, rodeábanse da súa propia muralla

Mimbar: Púlpito onde se sitúa o imán que dirixe a oración do venres.